

Ordenanza reguladora da expedición de tarxetas de estacionamento e accesibilidade para persoas con minusvalidez, ó abeiro do disposto nos artigos 27.2 da Lei 8/1997, do 20 de agosto, de accesibilidade e supresión de barreiras na Comunidade Autónoma de Galicia e nos artigos 50.2 e 53.1 do Decreto 35/2000, do 28 de xaneiro, polo que se aproba o Regulamento de desenvolvemento e execución da Lei de accesibilidade e supresión de barreiras na Comunidade Autónoma de Galicia.

TARXETAS DE ESTACIONAMENTO

1º.- OBXECTIVO.

Facilita-lo aparcamento a tódolos minusválidos do municipio que teñan dificultades graves de mobilidade, a través da concesión dunha tarxeta municipal, de carácter persoal e intransferible, que autorice a estacionar en lugares sinalados como "reservado para minusválidos", nas zoas de aparcamento restrinxido (gratuitamente e sen limite de tempo) e nas zoas de carga e descarga polo tempo imprescindible; nos termos establecidos na Lei 8/97, do 20 de agosto, de accesibilidade e supresión de barreiras na comunidade autónoma de Galicia.

1.1.- Titulares da tarxeta.

- a) Terán dereito a solicita-la tarxeta todas aquelas persoas empadroadas neste Concello, que padezan e/ou teñan recoñecida algún tipo de minusvalidez con graves problemas de mobilidade.
- b) Persoas minusválidas con mobilidade reducida, que sexan transportados por terceiras persoas. Só se poderá facer uso da tarxeta cando se transporte ó minusválido.

1.2.- Documentación.

Para obte-la tarxeta, deberá presentarse no Concello a seguinte documentación:

- a) Solicitud debidamente cumprimentada, conforme a impreso normalizado que será facilitado polo departamento de Servicos Sociais de Atención Primaria do Concello, segundo o modelo que se achega como anexo I.
- b) Fotocopia do DNI do petionario da tarxeta.
- c) Certificado de empadramento.
- d) Dúas fotografías tamaño carné.
- e) Cualificación da minusvalía emitida pola Xunta de Galicia ou polos equipos autorizados noutras CCAA; si nesta non constase a valoración da imposibilidade ou dificultade do seu titular para uso do transporte público, remitirase a devandita cualificación á EVO para a súa oportuna estimación.

1.3.- Procedemento.

- Presentada a solicitude no rexistro xeral do Concello, coa documentación pertinente, remitirase ó departamento de Servicos Sociais de Atención Primaria do Concello para a emisión do informe-proposta correspondente. Posteriormente, este informe elevarase á Alcaldía, para que dicte a resolución correspondente, concedendo ou denegando a tarxeta solicitada.
- Esta resolución será notificada ó interesado de acordo co establecido na lei 30/92, do 26 de novembro, de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común.

- A tarxeta, unha vez concedida, será asinada polo titular e plastificada.
- Cando se utilice colocarse na parte dianteira do vehículo, de xeito que unicamente o anverso da tarxeta sexa claramente visible para o seu control.

1.4.- Caducidade das tarxetas.

O período de validez desta tarxeta, estará vinculado ó período de validez da cualificación da minusvalía emitida pola EVO; si esta cualificación fora definitiva ou permanente a tarxeta caducará ós dez anos da concesión, e no caso de que esta sexa provisional caducará cando transcorrese o prazo que esta indique. Para a renovación débese segui-lo mesmo procedemento que para o outorgamento da tarxeta inicial.

O Concello terá dereito de controlar que as condicións que deron orixe á expedición da tarxeta continúan vixentes, polo que poderá requirir ós solicitantes/titulares, en calquera intre para que acheguen probas actualizadas das devanditas condicións.

Calquera variación das condicións que deron orixe á expedición da tarxeta deberá ser comunicada ó departamento de Servicios Sociais de Atención Primaria municipal, no prazo máximo dun mes; de non ser así, o Concello poderá anula-la súa vixencia.

Para a renovación deberase segui-lo mesmo procedemento que se seguíse para o outorgamento da tarxeta inicial para tal efecto un mes antes de que caduque a tarxeta o titular deberá solicitar unha nova tarxeta, tendo a obriga de entrega-la anterior no momento de retira-la actualizada.

1.5.- Uso da tarxeta.

As tarxetas concedidas terán unha validez en toda a Comunidade Europea. Non obstante, no caso de cambio de domicilio do beneficiario da tarxeta, este deberá solicitar-lo traslado do expediente ó novo municipio de residencia.

No suposto de que se detecte o uso indebido da tarxeta de xeito reiterado e debidamente probado, con independencia da sanción pecuniaria que no seu caso puidese recaer no procedemento sancionador incoado para tal efecto, a citada tarxeta será retirada durante un prazo de dous anos polo órgano que a outorgase.

TARXETAS DE ACCESIBILIDADE

2.- Obxectivo.

Favorece-lo uso e aproveitamento dos transportes públicos a tódolos minusválidos do municipio que teñan algunha limitación, a través da concesión dunha tarxeta municipal, de carácter persoal e intransferible, como documento acreditativo da súa discapacidade.

2.1.- Titulares da tarxeta.

Todos aqueles interesados ós que se lles recoñeza a condición de minusválidos polos Equipos de Valoración e Orientación (EVO), dependentes das seccións de cualificación e valoración de minusvalidez.

2.2.- Documentación.

Para obter-la tarxeta, deberá presentarse no Concello a seguinte documentación:

- a) Solicitude debidamente cumprimentada, conforme a impreso normalizado que será facilitado polo departamento de Servicios Sociais de Atención Primaria do Concello, segundo o modelo que se achega como anexo I.
- b) Fotocopia do DNI do petionario da tarxeta.
- c) Dúas fotografías actuais tamaño carné.

- d) Cualificación da minusvalía emitida pola Xunta de Galicia ou polos equipos autorizados noutras CCAA.

2.3.- Procedemento.

- Presentada a solicitude no rexistro xeral do Concello, coa documentación pertinente, remitirase ó departamento de Servicios Sociais de Atención Primaria para a emisión do informe-proposta correspondente. Posteriormente, este informe elevarase á Alcaldía, para que dicte a resolución pertinente, concedendo ou denegando a tarxeta solicitada.
- Este resolución será notificada ó interesado de acordo co establecido na Lei 30/92, do 26 de novembro, de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común.
- A tarxeta, unha vez concedida, será asinada polo titular e plastificada.

2.4.- Caducidade das tarxetas.

As tarxetas concedidas polo Concello, de conformidade co disposto no procedemento regulado no punto 4º, terán validez en todo o territorio da Comunidade Autónoma de Galicia. Non obstante, no caso de cambio de domicilio do beneficiario dunha tarxeta de estacionamento, este deberá solicita-lo traslado do expediente ó novo municipio de residencia.

O período de validez desta tarxeta, estará vinculado ó período de validez da cualificación da minusvalía emitida pola EVO; si esta cualificación fora definitiva ou permanente a tarxeta caducará ós dez anos da concesión, e no caso de que esta sexa provisional caducará cando transcorrese o prazo que esta indique. Para a renovación débese segui-lo mesmo procedemento que para o outorgamento da tarxeta inicial.

O Concello terá dereito a controlar que as condicións que deron orixe á expedición da tarxeta continúan vixentes, polo que poderá requirir ós solicitantes/titulares, en calquera intre para que acheguen probas actualizadas das devanditas condicións.

Calquera variación das condicións que deron orixe á expedición da tarxeta deberá ser comunicada ó departamento de Servicios Sociais de Atención Primaria municipal, no prazo máximo dun mes; de non ser así, o Concello poderá anula-la súa vixencia.

Para a renovación deberase segui-lo mesmo procedemento que se seguise para o outorgamento da tarxeta inicial para tal efecto un mes antes de que caduque a tarxeta o titular deberá solicitar unha nova tarxeta, tendo a obriga de entrega-la anterior no momento de retira-la actualizada.

2.5.- Medidas que garanten a accesibilidade.

- a) Reserva de un mínimo de dúas prazas nos transportes colectivos.
- b) Bonificación do 100% para residentes e de 50% para transeúntes nas tarifas para as persoas que dispoñen de tarxeta.
- c) Reserva de prazas nos centros de servizo de transporte público.

2.6.- Uso da tarxeta.

As tarxetas concedidas terán unha validez en todo o territorio da Comunidade Autónoma de Galicia. Non obstante, no caso de cambio de domicilio

do beneficiario da tarxeta, este deberá solicita-lo traslado do expediente ó novo municipio de residencia.

No suposto de que se detecte o uso indebido da tarxeta de xeito reiterado e debidamente probado, con independencia da sanción pecuniaria que no seu casos pudiese recaer no procedemento sancionador incoado para tal efecto, a citada tarxeta será retirada durante un prazo de dous anos polo órgano que a outrogase.

Disposición Final.

A presente ordenanza entrará en vigor unha vez publicado integramente o seu texto no Boletín Oficial da Provincia, de conformidade co disposto no artigo 70.2 da Lei 7/1985 do 2 de abril, reguladora das bases do réxime local, e transcorra o prazo de 15 días hábiles previsto no artigo 65.2 da devandita lei, e permanecerá en vigor ata a súa modificación ou derogación expresa.